

A CIG-Ensino apoia a iniciativa da Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega (AELG) a prol da celebración do Día de Rosalía

[Este ano conmemórase o 150 aniversario da publicación de Cantares Galegos, a primeira obra publicada integramente en lingua galega](#)

A CIG-Ensino vén de manifestar o seu apoio á iniciativa da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua galega (AELG) a prol da celebración do Día de Rosalía, demanda que se declare para tal fin como data o 24 de febreiro e súmase á proposta de celebrar a data agasallando un libro en galego e unha flor. Para a CIG-Ensino, é necesario darlle a esta data a relevancia que merece, pois sen Rosalía Castro talvez non teriamos hoxe a conciencia colectiva de termos un idioma propio e os azos de seguir reclamando para este o lugar que lle corresponde.

Esta obra está baixo unha [licenza de Creative](#)



A CIG-Ensino lembra que ela non foi a única que ergueu a bandeira da defensa do idioma, mais foi a primeira a pór un chanzo fundamental coa súa obra “Cantares Galegos”, o primeiro libro integramente escrito no noso idioma, do que este ano se celebra o 150 aniversario.

Por este motivo, propón que as lecturas ou os actos que se celebren nos centros educativos para lembrar a figura de Rosalía, xiren ao redor de Cantares Galegos e da importancia do paso dado pola súa autora quen:

“... inda achándome debil en forzas, e nabendo deprendido en mais escola qu' á d' os nosos probes aldeans, guiada solo por aqueles cantares, aquelas palabras cariñosas e aqueles xiros nunca olvidados que tan doçemente resoaron nos meus oídos desd' á cuna, e que foran **recollidos po-lo meu corazon como harencia propia**, atrevínme á escribir estos cantares, esforzándome en dar á conecer como algun-has d'

as nosas poeticas costumes, inda conservan certa frescura patriarcal e primitiva, **e com' ó noso dialecto doce e sonoro, é tan a proposito com' ó pirmeiro, para toda clase de versificacion.**”

A CIG-Ensino, tal e como o vén facendo desde hai anos, seguirá reclamando na negociación do calendario escolar, que o 24 de febreiro se inclúa como unha conmemoración centrada no recoñecemento e na difusión da autora que simboliza o Rexurdimento da nosa lingua e da nosa literatura. A data sumariase a outras que xa se conmemoran no ensino. Agardemos que a Consellaría mude a súa postura insensíbel e inexplicábel cara ao idioma galego e admita esta proposta da CIG-Ensino.

Finalmente, anima a todos e a todas a participar nas **lecturas colectivas** que a AELG celebra en todo o país o sábado 23 de febreiro e mesmo no acto nacional que se celebrará o domingo 24 no Panteón dos Galegos Ilustres.